

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Detectada a necesidade de contratar o servizo de LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS.

Visto que, dada a característica do contrato parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Vista a providencia de alcaldía do día 02/05/2013, para iniciar o expediente, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que o día 03/05/2013, Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que o día 09/05/2013, foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Que se aprobe o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS.

**SEGUNDO.** Que se autorice, pola contía de 2.752,65 euros mensuais, o gasto que para este concello representa a contratación do servizo de LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS, por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 920.22700 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercizo 2013.

**TERCEIRO.** Que se aproben os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato do servizo de LIMPEZA DE LOCAIS MUNICIPAIS, por procedemento negociado sen publicidade.

**CUARTO.** Que se soliciten ofertas ás seguintes empresas:

- M<sup>a</sup>. MONTSERRAT FERNÁNDEZ GONZÁLEZ.
- LIMPEZAS ARCO IRIS.
- LIMPEZAS GENERALES DEL MORRAZO, S.L.

Mándao e asíno o alcalde, D. Silvestre José Balseiros Guinarte, en Cerdedo, o 13 de maio de 2013; do que, como secretario, dou fe.

O Alcalde

O secretario